



MARÍA e a RODA que non para



Grupo de Innovación Docente
en Educación Patrimonial
Universidade de Vigo



PROXECTO
LOUCEIROS
DE BAMIO



Concello de
Vilagarcía



de Arousa



MARÍA e a RODA que non para



Grupo de Innovación Docente
en Educación Patrimonial
Universidade de Vigo



PROXECTO
LOUCEIROS
DE BAMBIO



Concello de
Vilagarcía
de Arousa



*Á memoria de Carmen García,
Albino Miguéns e Vicenta Fernández.*

Dedicado á veciñanza de Bamio.

*O noso agradecemento ás xentes,
mulleres e homes que tanto traballaron.*

María e a roda que non para

Coordinación:

Beatriz Comendador Rey

Autoría dos textos:

Andrea Mouriño Schick I Beatriz Comendador Rey

Revisión dos textos:

Isabel Mociño González I Adela Vázquez Veiga

Ilustracións e maquetación:

Sónia Borges

Colaboradoras:

Begoña Garrido Labrador I Andrea Serodio Domínguez

Proxecto Louceir@s de Bamio

Edición dixital mediante unha axuda económica para a divulgación das actividades dos grupos de innovación docente da Universidade de Vigo. Convocatoria 2023.

ISBN 978-84-09-56832-1

Edición impresa de 500 exemplares Concello de Vilagarcía de Arousa

ISBN 978-84-09-57337-0

D.L.: PO 4-2024

PRESENTACIÓN

A historia da tradición louceira de Bamio é unha daquelas realidades que nos pertencen, aínda que non o saibamos. A finais dos oitenta aínda quedaban moitas evidencias espalladas, pero foron caendo no esquecemento. Foi no ano 2016 cando, por primeira vez, Lola Dorrió Fernández e eu mesma falamos sobre a posibilidade de traballar xuntas na recuperación da memoria da tradición oleira deste lugar, que foi perdida e esquecida a mediados do século XX, e que é inseparable da paisaxe cultural da ría de Arousa e do estuario do Ulla. Así naceu Louceir@s de Bamio, un proxecto colaborativo e autoxestionado, que se sitúa entre a Universidade de Vigo e a Asociación de Mulleres Rurais de Bamio. Axíña se sumaron a nós Isabel Rodríguez Tubío, María Sánchez Martín e Vanesa Lago Somoza, e moitas persoas colaboradoras ao longo destes anos. Os seus obxectivos definíronse no marco do Programa de Estudos en Man Común (PE-MAN) “Ruralidades, Feminismos e Comúns” (2016), conectando diversas vías de aproximación e metodoloxías participativas en liña con estes tres eixos. O proxecto materializouse no xermolo dun pequeno núcleo museográfico, hoxe no centro sociocultural de Bamio. Non só promove a recuperación da memoria social, senón tamén unha perspectiva feminista, tanto na revisión do discurso etnográfico oficial sobre a participación das mulleres no procesado tradicional do barro como na xeración de novos relatos. Conxuntamente con outras iniciativas, como o proxecto obaixoulla.gal, acompañamos e damos visibilidade aos procesos comunitarios de creación, difusión e socialización daqueles patrimonios que quedan invisibles ou agochados polos discursos hexemónicos. No ano 2018, realizamos diversas entrevistas a algunhas persoas que aínda lembraban ver traballar as rodas de Bamio. O seguinte obxectivo foi reinserir esta “memoria social” nas escolas, e así naceu a idea de facer este conto. Queremos agradecer á Universidade de Vigo a axuda económica que nos permitiu financiar as ilustracións da nosa querida Sónia Borges, así como a implicación do concello de Vilagarcía para a publicación impresa deste conto, que esperamos que vos guste. A maxia consiste en lograr que a recuperación da memoria social do barro desde, con e para a cidadanía faga que as rodas non paren nunca máis en Bamio.

BEATRIZ COMENDADOR REY

Grupo de Innovación Docente en EduAcción Patrimonial (GIDEP). Universidade de Vigo.

1942
BAMIO
(os Louseiros)



RÍO ULLA

RÍA DE AROUSA

Punta
Remuiño



A
Fontiña

Liña de tren



CAMPANARIO

Barrio dos
Louseiros





Había unha pequena aldeíña entre as marxes da ría de Arousa e o río Ulla chamada Bamio. Nela vivía María, unha nena curiosa, apaixonada da arte e fascinada pola historia da súa aldea.

Un día, mentres paseaba pola praia de Bamio, atopou uns misteriosos anacos de louza. De volta á casa viu que tamén había moitos ao pé do Campanario e recordou o retrouso daquela canción que lle cantaba a súa avoa Lupe cando era pequena:

- Aldeíña dos Louceiros,
aldea que todo o ten,
a igrexa na beira do mar,
e o campanario no mesmo lugar - cantaruxou María.

Intrigada polos anacos de louza que atopou, María decidiu poñerse a investigar. Con cada fragmento que atopaba, a súa curiosidade aumentaba. E pouco a pouco comezou a desentrañar os segredos da aldea cunha determinación inquebrantable. Así, descubriu que no pasado fora un lugar famoso pola súa louza e coñecida pola súa beleza e calidade.

- De cando serán os anacos de louza que atopei? Será verdade o que di a canción que cantaba a avoa Lupe e facíase louza antigamente en Bamio? Porque non sabía nada disto ata o de agora? Teño que resolver este misterio, a ver se neste libro atopo algo... - pensou María ollando o volume que tiña entre as mans sobre olería.



Mentres lía, quedou durmida. No seu soño, visitouna a Vella Ulla.

A Vella Ulla estaba sentada aos pés da cama de María. Era unha muller fermosa. O seu rostro era misterioso. A través das súas engurras podíanse ver todas as estacións que vivira. Os seus ollos amarelos coma a flor do toxo, a súa pel azul coma o reflexo do ceo na ría e os seus cabelos longos e prateados como a luz dunha noite estrelada fluían como a agua sobre o seu corpo. María fregou os ollos varias veces para comprobar se estaba esperta ou nun soño.

- Ola, María, creo que nesesitas da miña axuda, non é ? - saudou a Vella Ulla sinalando os anacos de louza que María atopara na praia e onda o Campanario.

- Ti sabes algo desta louza? - preguntou María con entusiasmo.

- Claro que sei, María. Hai moitos anos, nunha das miñas moitas vidas, coñesín á xente que traballaba no barro e os vellos louseiros contáronme todos os seghredos dos tarros que se fasían en Bamio. Sabías que a lousa é máxica? - contestou a Vella.

- Máxica? Pero... como pode ser iso posible? - dixo María sorprendida entre bocexos.

- Si, máxica, se queres outro día podo contarche máis sobre o pasado louseiro da aldea e a súa historia - dixo a Vella Ulla mentres arroupaba a María.

- Sería fantás... ti... co - murmurou María mentres pechaba os ollos.

Ao día seguinte, cando María estaba na praia investigando, asomaron as lombas do río e a Vella Ulla apareceu diante dela.



- Ola de novo, María, preparada para coñecer o pasado esquecido da aldea e os seus misterios? - saudou a Vella Ulla cun gran sorriso.

- A onde imos primeiro? - contestoulle María cunha mirada cómplice mentres sacaba do seu peto unha libreta e un lapis para ir anotando todos os seus pasos.

Tras visitar a biblioteca e falar coa xente maior da aldea xunto á Vella Ulla, María atopou un grupo de mulleres que aínda lembraban a tradición oleira, máis non coñecían a historia completa.


- Aquí, industria sempre houbo. A xente da aldea cando non traballaba no mar ou nas leiras estaba co barro. De feito onda está aghora o Campanario daquela chamábanlle o barrio dos louseiros porque había moito de faser cacharros - contou Vincenta.

- Cheghou a haber moitos obradoiros de serámica pero cando nós eramos rapases só quedaban tres, o último deles foi o do señor Visente "O Pantalla" - contou Carmen - Moitas larpeiradas comprabamos coas moedas que nos daban por carretar os cacharros.

- Recordo que íanlle dando co pé á roda dabaixo para que andara o torno arredor e así fasían os tarros - interrompeu Albino.

- Ás veces sentabamos ensima da roda ghrande e dabamos voltas nela, ata que chillabamos: "Parade a roda, que vexo luciñas!" - continuou Carmen entre risas.

Con moita paciencia e entusiasmo, María e as mulleres traballaron xuntas para reconstruír peza a peza a historia da aldea. Descubriron que, hai moitos anos, unha roda alfareira facía tarros máxicos na aldeíña dos louseiros e cada peza era única e especial.



**AXENCIA
DE
LECTURA**



Pero, co paso do tempo, a roda deixou de funcionar e a maxia desapareceu da louza. A historia da roda quedou agochada entre os recunchos da aldea. María e as mulleres decidiron que era importante non deixar esquecer a tradición oleira e descubrir como se traballaba o barro e facer funcionar a roda de novo.

- De onde sacaban o barro? - preguntou María.

- Pois mira, neniña, víñache polo mar porque aquí non hai. Daquela todo viña no barco - contestoulle Vicenta.

- En barco?- dixo María abraiada.


- Si, e non en calquera barco, en ghaleóns! Viñan pola ría cando a marea estaba chea e descargaban o barro na Punta Remuíño, na praia, onda a Fontiña - explicou Vicenta.

- Oe, Vicenta..., porque dis louseiros e non louceiros? - preguntou María.

- Porque aquí á louza chámase lousa e a xente que a fasía, louseiros - contestou Vicenta.

- Ah, vale, agora entendo - asentiu María apuntando no seu caderno para non esquecerse.

- Mira, o barro sacábase do fondo do mar cando a marea estaba baixa, onde só se podía aseder co devalo da maré. Daquela, fasían rapidamente unha encaixonada de madeira á que amarraban un ghaleonsiño pequeno, non tiñan máis de 9 metros de eslora, e comesaban a extraer barro neghro a toda marcha ate que a marea deixaba o barco nadante e penetraba no buraco. O barro neghro era moi apesiado como refractario porque aguantaba moi ben as altas temperaturas do forno cando se cosía. Logho transportábano en bañeiras e levábano ata os ghaleóns - contou Vicenta.



- Aos sitios onde se saca o barro chámanlle barreiras. O barro de Bamio viña dalgunhas que estaban na zona de Dena e Villalongha- engadiu Carmen - Era moi perigoso e deu lugar a non poucos asidentes, algún dos cais foi mortal.

- Érache un traballo moi duro. As mulleres e os nenos eran quen se ocupaban de cargar o barro sempre - laiousse Albino.

- Despois traían o barro nos ghaleóns, os mariñeiros descar-ghábano onde che dixeran para que as mulleres o cargaran en sestas para subilo á aldea na cabeza ou en carros de bois - seguiu contando Vicenta.

- Para cargar o barro fasían unhas bólas que lle chamaban moricos, sabes, para que fose máis doado, aínda así eran moi pesadas - puntualizou Albino.


- Así coñeceu a filla de Tintín, a Pepa, ao Xoán Carballa co que casou anos despois, acordádesvos? - recordou Carmen.

- E despois de levar o barro cal era o seguinte paso?- voltou preguntar María.

- Que rapasa máis preghuntadeira! - dixo Albino entre risas.

- Collían as bolas de barro e nunha pía de pedra amasábano para deixalo moi finiño e sacarlle as impuresas. Amasábano cos pés, aínda que tamén se axudaban de animais - dixo Vicenta.

- Era un traballo moi importante xa que se deixaban alghunha area ou pedriña o louseiro podía esnaquizarse ao faser os tarros na roda - engadiu Albino.



- Despois poñíase o barro na roda para modelalo e fasíanse os cacharros - continuou Carmen.

- É verdade que a roda era máxica?- interrompeu María.

- Si, fasía que cada pesa fose única e especial con cada volta que daba - contestou Carmen, asentindo.

- Pero o traballo non acaba aquí rapasa! Para que os tarros cobraran vida coa maxia que lle dera a roda había que coselos no forno - engadiu Vicenta.

- Pero antes había que secalo! - protestou Albino.


- É certo, despois de faser os tarros na roda collíanse con moito coidado para non deformalos nin rompelos e poñíase a secar ao sol - contou Carmen.

- Eu aínda recordo a Tareixa subir polo camiño cunha bandexa de madeira chea de cacharros, era moi habilidosa - comentou Vicenta.

- Cando os tarros estaban secos eran cando se cosían no forno - continuou Carmen.


- Había moitos, cada obradoiro tiña o seu. Estaba o forno da Fontiña, o da Ghranxa, o da Chamuscada, o do Reviricho, o do Lagharto, o do Tintín...

- Moitos dos fornos aínda se conservan a día de hoxe, o da Ghranxa ten algunha parte en pé, pero non teñen nada á vista... - engadiu Albino con mágoa.



- E que se facía con toda esa louza cando xa estaba lista? - volveu preguntar María.
- Pois voltábase cargar nos barcos e vendíase nas feiras, en Pontevedra ou Villagharsía, por exemplo - contestou Albino.
- Eran tarros que se utilizaban todos os días, dende masetas ata xerras ou barreñas, sempre había quen as comprara - engadiu Vicenta -. Antes todo era de barro!

A través de investigación e a experimentación, María e as mulleres atoparon os segredos para restaurar a roda máxica. A Vella Ulla guiounas na súa misión e compartiu os coñecementos ancestrais. Ela ensinoulles as antigas técnicas que empregaban os louceiros e as mulleres que traballaron no barro para devolverlle a maxia á roda e á louza. A medida que a roda recuperaba a súa maxia, a cerámica da aldeíña dos louceiros gañaba vida e cor, brillando co esplendor do pasado.



Un día, mentres María paseaba polo monte preto da aldea, atopou os restos dun antigo forno.

- Que será iso que hai detrás deses toxos? Vou acercarme a botar unha ollada...- pensou María -. Asemellan restos dun... dun forno... non pode ser... son os restos do forno da Granxa que me contou Albino! Atopeinos!- engadiu emocionada dando un salto de alegría.

O forno era unha testemuña do pasado louceiro da aldea, un lugar onde se cocían as pezas de cerámica e cobraban vida. A emoción embriagou a María e ás mulleres, pois o forno podería conter as pistas que necesitaban para resolver o misterio e descubrir os segredos do pasado da aldea. Decididas a desvelar a verdade, María e ás mulleres, coa axuda das arqueólogas, limparon e escavaron arredor dos restos que estaban ao pé do forno. Alí encontraron obxectos antigos de todo tipo que contaban a fascinante historia da tradición oleira da aldea e do seu pasado. Cando remataron, as restauradoras arranxárono para que non caera e se conservara no tempo. O antigo forno converteuse nun símbolo da rica historia cultural da aldea, un lugar onde a maxia e o coñecemento se entrelazaban nunha danza eterna.



Impulsadas pola súa paixón pola cerámica e a súa conexión coa aldea, María e as mulleres decidiron crear un eco-museo dedicado á louza e ás antigas tradicións da aldeíña dos louceiros. Percorreron a aldea, remexeron entre os trastes de moitos faiados e alpendres e falaron coa xente maior da comunidade para recoller cacharros e as súas historias. Todo isto serviu para dar vida a un museo que contaba a emocionante historia da orixe da aldea vencellada coa fabricación daquela louza.

O eco-museo converteuse nun lugar de encontro para a comunidade e os visitantes do lugar, onde todos podían aprender sobre a historia, a arte e a importancia cultural da louza en Bamio. As mulleres da aldea, grazas á súa sabedoría e aos coñecementos que lle transmitira a Vella Ulla, lideraban obradoiros e demostracións no eco-museo, recreando o traballo do barro e as súas técnicas, ensinándolle ao mundo a antiga tradición oleira de Bamio.

A xente da aldea comezou a valorar máis o seu pasado e a súa tradición oleira e tamén a sentir orgullo pola súa rica historia cultural. O eco-museo, xunto co traballo incansable de María e as mulleres, conseguiron que se coñecera a louza que se facía na aldea e as historias que agochaban detrás das súas formas. En Bamio facíase louza para o cotián, cada un dos cacharros que recolleron tiñan a súa propia historia. Unha historia que falaba sobre as actividades para as que se empregaban, das persoas que as realizaban... falaban do pasado da aldea e das súas xentes.



E así, a pequena aldeíña dos louceiros viviu en harmonía coa súa historia e tradicións, grazas á paixón e determinación de María e as mulleres que decidiron recuperar a maxia da louza. O seu traballo inspirou a todas as persoas do lugar a valorar o seu patrimonio cultural e a súa conexión coa natureza que os rodeaba. A aldea escribiu un novo capítulo na súa historia, onde a tradición oleira dos louceiros non se volvera a perder no esquecemento.

A maxia da louza e a rica historia da aldeíña dos louceiros aínda seguen brillando hoxe nunha danza eterna, transmitida de xeración en xeración, coa que se honra o pasado e se ilumina o futuro, para asegurar que a roda non pare endexamais.



Para saber máis...

A parroquia de San Xens (Xinés) de Bamio, situada na marxe sur do esteiro do Ulla, na ría de Arousa, tivo unha importante tradición louceira (ou oleira), que está totalmente perdida na actualidade. A aldea de Bamio non tiña barro, así que tiñan que transportalo dende lonxe, de máis de 25 km, dende as barreiras dos fondos mariños da enseada da Toxa.

Está documentado que no século XVIII traballaban 17 artesáns. Cada louceiro tiña o seu propio forno. Todos estaban construídos no barrio dos Louceiros ou nas súas proximidades: na Fontiña, o forno de Mateo; na Granxa, o forno da Granxa; na Chamuscada, o forno do Reviricho; nos Louseiros, os do Tintín, A Barreira, San Xoán, O Lagharto, o de Xanote... Só se conserva en pé a grella dun destes fornos (Forno da Granxa), xa que os demais foron destruídos, mesmo en datas recentes.

Múltiples formas en barro saían das rodas de Bamio, na meirande parte pezas da vida cotiá relacionadas coa cociña e a contención de líquidos. A chegada da luz e as mudanzas no sistema culinario, o plástico e as aliaxes, así como a cerámica industrial, remataron con esta tecnoloxía sustentable, adaptada ao medio, e que se desenvolveu durante séculos. A finais dos anos 40, os derradeiros louceiros de Bamio, como o Sr. Vicente “O Pantalla” ou “O Tintín”, abandonaron o traballo do barro e a súa memoria perdeuse, a diferenza doutras tradicións conservadas ou recuperadas en Galicia (como as de Buño ou Gundivós).



XERRA



CÁNTARO



OLA



BARREÑA



CHOCOLATEIRA



BARREÑÓN

Coñecemos algúns aspectos grazas a traballos senlleiros como o de Luciano García Alén, que estudou a tradición louceira de Bamio no conxunto da olería de Galicia e visitou o lugar nos anos 70.

Algunhas pezas orixinais saídas dos fornos de Bamio están conservadas en importantes coleccións e museos, como o Museo do Pobo Galego ou o Museo de Pontevedra. Tamén podemos atopar polas leiras e xardíns de Bamio restos de louza, o pío de amasar o barro e outros elementos.



PUCHEIRO



PETO



BUGUINA



CUNCA



TESTO



CANDEEIRO

2023
BAMIO

RÍO ULLA



RÍA DE AROUSA

†
Punta
Remuiño



Praia de
Bamio

Liña de tren

o
CAMPANARIO

Restos do
Forno
da Granxa

Restos do Forno da Granxa





Capela San
Joan de Bamio

Axencia
de Lectura
Museo



1860. Día de mercado. Mañana del mes de San Juan. Por Vistalegre, Santa Lucía y San Roque, entran en sucesión continua grupos de campesinos, que concurren al mercado de la villa.

Es época de faenas de campo y de madrugada. A la rivera van llegando lanchas de "la otra banda del mar" y con frecuencia se oye sonar la bocina o caracol marino, avisando a los trajinantes el arribo de abundante pesca. Los puestos del mercado ocupan la Marina del Sur y doblan por la travesía de la Alameda.... Por la calle de la Iglesia, las baratilleras, vendedoras de percales y sarasas, puestos de estampas, los "oleiros", con la cerámica de Bamio, y el "rastro".

Crónica de Manuel
del Río Candamo, 1934. (1)



(1) Manuel del Río Candamo, "[Notas para la Historia de Villagarcía]. Un mercado en 1860", en *Galicia Nueva*, 17 de marzo de 1934, pág. 1.

(2) Nicanor Rey, "La exposición y los juegos Floranes en Pontevedra", en *La Ilustración Gallega y Asturiana*, nº 26, 18 de setembro de 1880.

LA ILUSTRACION GALLEGA Y ASTURIANA

ser menos caros, porque pocas horas después de instalados habíanse vendido los barroos artísticos de Magin, Fita y Rovira, establecidos en la ciudad condal; barroos que, si la memoria no me es infiel, fueron adquiridos en su mayoría por una de las eminencias del foro, por el ilustre gallego Sr. D. Eugenio Montero Ríos.

No alcanzan, ciertamente, la perfección de los catalanes, pero son dignos de estima los productos cerámicos del país, cuyas fábricas abastecen superabundantemente todos los mercados. Recuerdo que causaron agradable impresión las lozas ordinarias, tejas y ladrillos de los Ayuntamientos de Pontevedra, Catoira y Lugo, y los tiestos y alcatruces de García Fresco, de Bamio, en Carril. Con pequeño sacrificio podrían adquirir las industrias cerámicas gran desarrollo en esta provincia, pues poseemos arcillas superiores; pero desgraciadamente no sucederá así porque los que tienen iniciativa carecen de fondos, y los capitalistas no suelen exponerse á las contingencias de un negocio que desconocen.

(2)

Louceir@s de Bamio

PROXECTO DE RECUPERACIÓN DA MEMORIA SOCIAL DA TRADICIÓN LOUSEIRA
DO BARRO DE BAMIO E A CULTURA MARÍTIMO/FLUVIAL DE AROUSA/ULLA
(VILAGARCÍA DE AROUSA)



Dende 2016 o Proxecto Louceir@s de Bamio traballa a través de documentos históricos, arqueolóxicos e diversas testemuñas coa intención de recuperar a memoria oral compartida da parroquia de Bamio, para conservar e revitalizar aspectos que teñen conformado a nosa cultura.

Aínda temos acceso ás lembranzas da veciñanza, pero é a nosa última oportunidade de recuperar parte do perdido, o que é de todos e de ningún, o noso.

Por iso ti decides:

Que coñecemos? / Que conservamos? / Que protexemos?



<https://www.facebook.com/LouceirosdeBamio>



<https://sketchfab.com/proxectolouceirosdebamio>